

COMUNICADO DE PRENSA

..... Día Mundial dos Humedais – 2 de febreiro de 2010

O Colexio de Biólogos invita a reflexionar sobre o estado de conservación das marismas, brañas, turbeiras, lagoas de Galicia, esixindo un maior uso sostible de todas elas

Demandan que dunha vez por todas, os humidais galegos deixen de ser noticia por que as lagoas costeiras carecen de augas no período máis chuvioso do ano, ou pola desaparición de brañas e turbeiras

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2010 (Vía Láctea Comunicación).- Mañá martes, 2 de febreiro, celébrase o Día Mundial dos Humedais, efeméride que ten lugar cada segundo día de febreiro dende o ano 1977, reforzando así a acción emprendida pola Convención de Ramsar en pro á conservación e uso sostible dos humidais. Este ano, o lema, *“Coidar os humidais, unha resposta ao cambio climático”*, proposto por Ramsar, incide no papel dos humidais na mitigación do cambio climático e na súa adaptación.

Con motivo desta conmemoración, o **Colexio Oficial de Biólogos de Galicia -COBGA-**, lembra que os humidais representan só o 5% da superficie continental do planeta, pero son responsables, de acumular e reter a medio e longo prazo máis do 50% do carbono. O outro 50%, é dicir o 95% da superficie continental, corresponde a bosques nativos, matogueiras, e nun nivel moito máis afastado, as repoboacións e os agrosistemas industrializados. Ademais, a importancia dos humidais na captación e reservorio de carbono, únese a súa importante contribución no funcionamento hidrolóxico das cuncas, e o seu papel no mantemento e conservación da biodiversidade, constituíndo o hábitat específico dun grande número de especies endémicas, raras ou ameazadas, así como de especies de interese comercial.

As previsións sobre o cambio climático non son non obstante moi prometedoras para a conservación dos humidais. Os cambios na humidade e temperatura poñen en xaque a medios onde pequenas variacións climáticas xeran importantes modificacións ambientais que condicionan tanto a presenza de determinados tipos de comunidades de fauna e flora, como de especies cuxas marxes de tolerancia aos cambios ambientais, resultan moi reducidas.

Neste listado de penalidades, os especialistas van incluíndo un número cada vez máis longo de especies, que representan os elementos de maior singularidade e valor ecolóxico dos nosos humidais.

Hoxe máis que nunca, o Día Mundial dos Humidais debería facernos reflexionar sobre o estado de conservación das marismas, brañas, turbeiras, lagoas de Galicia, sobre a necesidade dunha maior decisión en pro da conservación e uso sostible destes, e sobre a necesidade dunha ordenación do territorio que teña en conta os valores naturais dos humidais en Galicia. Os profesionais do **Colexio Oficial de Biólogos de Galicia -COBGA-** demandan que dunha vez por todas, os humidais galegos deixen de ser noticia por que as lagoas costeiras carecen de augas no período máis chuvioso do ano, ou pola desaparición incesante de brañas e turbeiras, en pro dun desenvolvemento rural acelerado, desarraigado e moi pouco respetuoso cos valores ambientais.

PRENSA Colexio Oficial de Biólogos de Galicia – COBGA

981 55 44 07 ... www.vialactea.es